

# Lugo lembrará o martes a Rosalía de Castro con varios actos públicos

- ▶ A Asociación de Escritores lerá poemas da autora no mercado de Quiroga Ballesteros
- ▶ O Concello e o colexio co nome da autora participarán nun recital con gaitas

## JAUREGUIZAR

LUGO. A escritora Rosalía de Castro será lembrada en Lugo o martes, no aniversario do seu nacemento en 1837, con senillas lecturas de poemas organizadas pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) e polo Concello en colaboración co colexio Rosalía de Castro.

Antonio Reigosa e Isidro Novo detallaron que a AELG lerá un manifesto e poemas da padronesa nun acto que se desenvolverá no mercado de Quiroga Ballesteros o martes ás 12.00 horas. Ambos

os dous animaron os lucenses a agasallárense cun libro galego e unha flor nese día.

Pola súa banda, a concelleira de Cultura, Carmen Basadre, anunciou un recital de poesía para a celebración do Día de Rosalía tamén para o martes. Basadre invitou a todos os ciudadáns a achegarse ás 11.00 horas onda o busto da escritora no parque Rosalía de Castro para participar no recital de poemas galegos e que estará acompañado por música de gaiteiros en colaboración co Ceip Rosalía de Castro.

Ademais, Cultura elaborou un folleto no que se recollen partes fundamentais da ordenanza do uso do galego na administración municipal de Lugo, aprobada por unanimidade en 2012.

O responsable provincial de Cultura, Mario Outeiro, lembrou que se publicou un número de O Gaiteiro de Lugo dedicado á poetisa. Os textos proceden da edición orixinal de 'Follas novas', «xusto tamén cando se cumplen os 135 anos da súa publicación na Habana». A maiores Outeiro avanzou

A AELG fai un convite xeral a intercambiar un libro escrito en galego e unha flor o martes co gallo do Día de Rosalía

que a Deputación e a Asociación Socio-Pedagóxica Galega están preparando «un proyecto de curtametraxes que trata de relacionar a Rosalía de Castro coas novas tecnoloxías do audiovisual».

**PANTEÓN.** A AELG programou tamén actos en Santiago co gallo desta celebración. Representantes do colectivo lerán ás 12.00 horas deste domingo o Panteón de Gallegos Ilustres.

A fundación Rosalía de Castro celebra o Día de Rosalía o martes coa ofrenda floral en Santiago e un acto pola tarde na casa museo de Iria Flavia. Nese acto presenta-se a edición en formato libro-cd do proxecto 'De Cantares hoxe' do 'Díario cultural' da Radio Galega, que reúne os poemas inéditos escritos por 36 poetas a partir de 'Cantares gallegos'.